

NOVEMBRO
BIBLIOTECA PÚBLICA DE PONTEVEDRA

Martes 24 ás 19.00 h
Gespenster (2005, 85', V.O.S.E.)

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>
<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>

ALEMAÑA NO OUTONO: CHRISTIAN PETZOLD

Jerichow



CINECLUBE
PONTEVEDRA

NOV2015

Jerichow atópase entre os dous grandes bloques que conforman a filmografía do director alemán Christian Petzold: é o traballo inmediatamente posterior á súa triloxía *Gespenster* ('pantasma') e o anterior á súa nova etapa máis academicista (na que continúan as súas preocupacións en torno ao ser humano), que analiza o pasado histórico do seu país e que comeza con *Barbara* (2012) e continúa con *Phoenix* (2015). Estes dous últimos filmes afástanos definitivamente dos parámetros (pouco definidos, por outra banda) do abstracto movemento coñecido coma Escola de Berlín ou Novo Cinema Alemán do Século XXI, do que Petzold era un dos principais representantes. Esa xa non tan nova escola, que retomou (tras case dúas décadas de mutismo) o camiño do Novo Cinema Alemán e que abriu toda unha nova senda para a xeración inmediatamente posterior (a de Dennis Gansel, Dietrich Brüggemann, David Wnendt, Pola Beck, Lars-Gunnar Lotz ou Jan-Ole Gerster), centraba o seu interese sobre todo no presente e nos conflitos dos personaxes no mundo moderno, dominado polo poder económico; un descontento propio do pensamento posmoderno, rexeitando tanto a idea de unidade colectiva coma a do individualismo que conduce ao illamento emocional.

Jerichow é un dos últimos exemplos de dito movemento, aínda que xa comeza a manifestar certo espírito clásico. De feito, trátase dunha revisión do xénero do cinema negro a través d'O *carteiro sempre chama dúas veces* (James M. Cain, 1934). Petzold toma a base de Cain: Thomas é un home arruinado que comeza a traballar para o matrimonio formado por Ali (un inmigrante turco que rexenta unha cadea de locais de comida rápida) e Laura, pola que o protagonista comezará a sentir unha forte atracción. Coma ocorre en *Phoenix*, o director manexa a tensión a través do xogo co espectador, ao que lle dá pistas e información que os personaxes descoñecen. O realizador dispón os coidados planos en escenarios moi concretos, que se repiten de forma cíclica: a casa do protagonista, a da parella, o coche, o bosque ou a praia. A pesar de haber grandes espazos abertos, a sensación que transmite Petzold é claustrofóbica, potenciada pola expresividade dos claroscuros. O filme comeza con Thomas de costas á cámara (lembramos o cartel de *Barbara*, que nola amosa igual). Os personaxes de Petzold están abandonados polo mundo, e a súa reacción é xirárense eles á súa vez ante todo. O actor Benno Fürmann encarna á perfección o típico tipo duro, brusco, pero que se transformará involuntariamente, movido por unha sensación de arrebatado, no heroe que ha salvar a dama en apuros. Pero precisa realmente Laura a súa axuda?

As historias de Petzold caracterízanse especialmente polo protagonismo das mulleres, de caracteres rexos, decididos, aínda que sempre dependentes dalgo que as supera. En *Jerichow*, coa imprescindible Nina Hoss (protagonista, salvo dúas excepcións, de todos os seus filmes), o director realiza unha reformulación da tradicional *femme fatale*, no senso de que manexa os homes mais sen un interese perverso nin oculto máis aló do sentimental. Achámonos, polo tanto, ante os personaxes (pese á súa aparencia distanciada) máis apaixonais de Petzold ata esta data; o seu cinema comeza a xirar cara á traxedia romántica que chegará en *Phoenix* ao seu punto álxido e que o director conclúe sempre cuns magníficos e silenciosos finais, dunha poética case shakespeariana.

Aínda que, como dixemos no comezo, *Jerichow* xa non se atopa dentro da triloxía de Petzold, no filme segue habendo pantasmas: son figuras reais, mais que non saben cal é o seu lugar (e polo tanto, o espectador tampouco sabe nin onde van nin de onde veñen), que deambulan e reaparecen para espertar os medos máis cotiáns: a avaricia, a nostalgia, os celos, a intolerancia ou o egoísmo. Non é a morte, senón estes sentimentos, os que enxendran os espectros da sociedade contemporánea.

Tirado de <http://www.cinemaldito.com>. Tradución de Cineclub Pontevedra.



***Jerichow* (2008, 93', V.O.S.E.)**

Dirección: Christian Petzold

Guión: Christian Petzold

Fotografía: Hans Fromm

Montaxe: Bettina Böhler

Intérpretes: Benno Fürmann, Nina Hoss, Hilmi Sozer, Andre M. Hennicke